



ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 22 DE OUTUBRO DE 2019, RELATIVO Á PROMOCIÓN DE 40 VIVENDAS EN ALUGAMENTO EN SARRIA (LUGO). COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. ANUALIDADE 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 22 de outubro de 2019 asinouse o acordo da comisión bilateral relativo á promoción de 40 vivendas en alugamento en Sarria (Lugo) da Comunidade Autónoma de Galicia, Plan Estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Sarria dirixido á promoción de 40 vivendas destinadas a arrendamento ou cedidas en uso por un prazo mínimo de 25 anos, sendo a súa limitación do prezo a establecida no artigo 29 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O 26 de xullo de 2018 o Consello da Xunta autoriza a sinatura do Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de vivenda 2018-2021, aprobado polo Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, asinándose o mesmo o 30 de xullo de 2018.

Que o dito Real decreto regula, entre outras axudas, a relativa ao Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento, que ten por obxecto o financiamento do fomento do parque de vivenda en alugamento ou cedida en uso, xa sexa de titularidade pública ou privada.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento para a promoción dun parque de 40 vivendas en alugamento en Sarria conforme ao establecido no artigo 27 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo e co acordado na Cláusula Novena do Convenio subscrito o 30 de xullo de 2018 entre o





Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

Que as obras correspondentes ás actuacións financiadas no presente acordo deberán realizarse no prazo establecido no artigo 31 do dito Real decreto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

